

Santiago, 2 de marzo de 2020

CIRCULAR VI - FAMILIAS

Queridas familias:

Co desexo de que a saúde continúe a ser a nosa compañeira máis prezada nestes momentos tan delicados, poñémonos en comunicación con vós para trasladaros as últimas **instrucións** recibidas desde a **inspección educativa** para o remate do segundo trimestre e o inicio do seguinte.

INSTRUCCIÓN

1. A efectos de dar continuidade no calendario escolar, os centros educativos procederán a **formalizar o peche da avaliación do segundo trimestre**.
2. **Non serán avaliábeis as actividades** relacionadas cos contidos curriculares realizadas polo alumnado con **posterioridade á data de declaración do estado de alarma**. En consecuencia, aqueles centros que non teñan formalizado o **peche da avaliación** do segundo trimestre **procederán a formalizalo co traballo desenvolvido ata dita data**.

Non se realizarán máis probas da 2ª avaliación ao realizarse o peche da mesma. O claustro de profesores ten programadas as xuntas de avaliación durante estes días vía telemática. **O venres día 3 de abril, ás 19:00 h** aproximadamente, teredes **publicadas na plataforma EDUCAMOS os boletíns de notas** coas cualificacións dos vosos fillos correspondentes á **2ª avaliación**.

Os **boletíns da 2ª avaliación dos alumnos de Educación Infantil** serán enviados ao correo de cada familia vía plataforma. Para poder descargalo non se pode utilizar a aplicación educamos deberedes acceder a educamos desde internet.

Á volta da Semana Santa en canto retomemos o período lectivo, e de continuar coa actual situación, as directrices que nos envían indícanos que será flexibilizada a programación didáctica vixente, avanzarse en materia e todos os contidos traballados vía telemática serán avaliados. **No momento en que teñamos máis información ou cambios sobre o 3º trimestre, recuperacións, seredes informados.**

Dende o colexio o claustro de profesores faremos o que estea nas nosas mans por flexibilizar ao máximo o programado, poñeremos todo o noso empeño en chegar a todos os nosos alumnos, sobre todo a aqueles que máis nos precisan. Xuntos, familia e escola camiñando acompañados uns doutros e traballando arreo, sairemos adiante, e sen dúbida aprenderemos moito máis que contidos curriculares.

Moito ánimo e bo descanso neste tempo de **PASCOA** no que máis que nunca precisamos sexa de **RESURRECCIÓN**.

Un saúdo garimoso.

Claustro de Profesores

